



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

BANDO

TARIFA REDUCIDA DO 50% DA TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO

O Concello de Mesía publicou no BOP nº 262 do 14 de decembro de 2009 a modificación, aprobada polo Concello Pleno do 26/09/2009, do artigo 6.2 da ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida do lixo e servizos complementarios pola que se reduce a dita taxa nun 50% para os usuarios que acrediten ingresos anuais non superiores á contía máxima da pensión non contributiva.

De cara ó exercicio fiscal do ano 2011, e dada a situación de crise económica que estamos a atravesar, RECORDAMOSLLE QUE poden presentar a solicitude para acollerse a esta redución todos aqueles veciños que acrediten cumprir os requisitos esixidos.

BENEFICIARIOS

Usuarios que acrediten ingresos anuais non superiores á contía máxima da Pensión non contributiva (4.866,40 € no ano 2011).

No caso de haber varios membros na unidade de convivencia, a capacidade económica estimarase dividindo a renda conxunta entre o número de convivintes.

SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As solicitudes presentaranse no Concello de Mesía, aportando copia do DNI do solicitante e xustificante de ingresos de tódolos membros da unidade familiar.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación das solicitudes de axuda permanecerá aberto **ata o 29 de abril de 2011.**

Mesía, 5 de xaneiro de 2010

O alcalde

Mariano Iglesias Castro